

RESOLUCIÓN DE SUBVENCIONS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE PROGRAMACIÓN MUSICAL EN SALAS PRIVADAS HABILITADAS LEGALMENTE PARA ORGANIZAR ESPECTÁCULOS MUSAIS CON PÚBLICO, DENTRO DA PROGRAMACIÓN DO XACOBEO 2021

Por Resolución de 21 de xaneiro de 2021, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o desenvolvemento de proxectos de programación musical en salas privadas habilitadas legalmente para organizar espectáculos musicais con público, dentro da programación do Xacobeo 2021 e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento CT302D), establécese na cláusula décimo segunda que na concesión das subvencións se seguirá un procedemento abreviado no que o informe e a proposta de resolución serán efectuados nun único acto pola Dirección da Axencia, elevándose á Presidencia da Agadic para a súa aprobación posterior, consonte o procedemento previsto nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As solicitudes de subvencións nestas modalidades examínanse e serán outorgadas, sempre que cumpran os requisitos esixidos nesta convocatoria, por orde cronolóxica, tendo en conta a data de entrada no rexistro da Agadic.

1. Examinada a proposta de resolución do Director da Agadic do 5 de abril de 2021, resólvese desistir as seguintes solicitudes polos motivos que se citan a continuación:

a) A solicitude número 1 presentada por Gustavo Antonio Rey Abalo para a Sala Krazzy Krav porque presenta escrito de renuncia da solicitude o día 22/02/2021, co número de rexistro de entrada da Xunta de Galicia 2021/351249.

b) A solicitude número 10 presentada por Luis Mariano Ortega Río para o Ciclo Xacobeo Ao Vivo porque presenta escrito de renuncia da solicitude o día 09/02/2021, co número de rexistro de entrada da Xunta de Galicia 2021/254845.

2. Examinada a proposta de resolución do Director da Agadic do 5 de abril de 2021, resólvese inadmitir as seguintes solicitudes polos motivos que se citan a continuación:

a) A solicitude número 6 presentada por Ola Green Disco, SL para Proyecto de Programación Musical Sala Moom, xa que a licenza da actividade presentada incumpre os requisitos establecidos no punto C da base quinta da convocatoria.



b) A solicitude número 7 presentada por Producciones Audiovisuales 15004, SL para Proyecto O Camiño Escoitado, xa que a licencia da actividade presentada incumpre os requisitos establecidos no punto C da base quinta da convocatoria.

c) A solicitude número 8 presentada por Argibay Figueroa y Ojea Asociados, SL para Proyecto de Programación Musical Sala Playa Club, por incumprir a base quinta punto a), xa que a modificación presentada do obxecto social non está reflectida na correspondente escritura notarial.

d) A solicitude número 19 presentada por Yara María Rodríguez Gomes para Proyecto Mauricio Caruso Trio em “Meus caminos pola Galicia” - “Atravessia”, xa que a licencia da actividade presentada incumpre os requisitos establecidos nas bases cuarta e quinta da convocatoria.

e) A solicitude número 29 presentada por La Sonrisa de Vigo, S.L. para Proyecto Programación Musical Salas Galicia 2021, xa que a licencia da actividade presentada incumpre os requisitos establecidos no punto C da base quinta da convocatoria.

f) A solicitude número 30 presentada por CSCD As Pedriñas para Proxecto de Reactivación da Sala Rebullón - Mos - Pontevedra, xa que a licencia da actividade presentada incumpre os requisitos establecidos nas bases cuarta e quinta da convocatoria.

g) A solicitude número 33 presentada por Noemi Vázquez Nogueiras para Proxecto Ciclo de Concertos No Navío. Sala de concertos A Arca da Noe, xa que a licencia da actividade presentada incumpre os os requisitos establecidos no punto C da base quinta da convocatoria.

h) A solicitude número 34 presentada por Xestosa Tortoreos, S.L.U. para Proxecto Los Conciertos del Reencuentro, xa que a licencia da actividade presentada incumpre os requisitos establecidos no punto C da base quinta da convocatoria.

i) A solicitude número 37 presentada por Eduardo Meijueiro Rodríguez – SLNE para Proxecto Programación Musical Salas Galicia 2021, xa que a licencia da actividade presentada incumpre os requisitos establecidos no punto C da base quinta da convocatoria

3. Examinada a proposta de resolución do director da Agadic de data 5 de abril de 2021, e de conformidade con ela, resólvese a adxudicación das seguintes subvencións, solicitadas con rexistro de entrada na Agadic desde o día 03/02/2021 ás 09:55:00 ata o día 15/03/2021 ás 18:59:00, que cumpren o establecido na convocatoria, e nas contías que se sinalan a continuación:



Nº Exp.	Solicitante	Proxecto	Solicitado	Concedido	Nº Rexistro	Data Rexistro	Hora Rexistro
4	El Pelicano de Galicia, SL	Proyecto de Programación Musical El Pelicano de Galicia, SL	20.000 €	20.000 €	201499	03/02/21	09:55:00
5	Amura Puerto, SL	Programación Musical Sala Inn Club, SL	20.000 €	20.000 €	201667	03/02/21	10:03:00
14	Bixo Arenteiro, SL	Ciclo Xacobeo ao Vivo	20.000 €	20.000 €	254195	09/02/21	17:08:00
16	Sonar 2012, SL	Concertos na Sala Sónar Xacobeo 2021	20.000 €	20.000 €	303682	16/02/21	12:10:00
17	Kangas City	Salas Concertos	16.976 €	16.976 €	338256	19/02/21	13:18:00
9	Pub Baranda, SL	Brnd con Xacobeo 2021	20.000 €	20.000 €	502045	05/03/21	16:43:00
15	Larroom Producciones, SL	Ferrol Caldeira de sons	20.000 €	20.000 €	502323	05/03/21	17:16:00
22	Fonosaurios, SL	Reactivación da Actividade Sala Krazy Kray	20.000 €	20.000 €	510994	08/03/21	11:23:00
23	Dois, SC	Programación Sala Guión	20.000 €	20.000 €	511025	08/03/21	11:24:00
24	Ruído Blanco Ferrol, SL	Xacobeo na Casa	20.000 €	20.000 €	512118	08/03/21	12:07:00
20	Dux Coruña, SL	Programación de Xacobeo 2021	20.000 €	20.000 €	514493	08/03/21	13:33:00
13	Domjul, SL	Concertos Anubis Tui	20.000 €	20.000 €	515547	08/03/21	14:19:00
2	Turihost, SL	Concertos Sala Moon	20.000 €	20.000 €	515990	08/03/21	14:45:00
3	Nayaymanu, CB	Xacobeo 21 Cafeteatrobaixo5	20.000 €	20.000 €	516573	08/03/21	15:43:00
25	Club Clavicembalo, SL	Xacobeo en Salas 2021	20.000 €	20.000 €	519279	08/03/21	19:23:00
12	Domher, SLU	Concertos Sala Queen	20.000 €	20.000 €	525747	09/03/21	11:38:00
26	Fernando José Paredes Correa	Xacobeo 21 A Ventana	20.000€	20.000€	525898	09/03/21	11:44:00
27	Quirgan Lucus, SL	Concertos do Xacobeo 2021 en Sala Jagger Longue	20.000 €	20.000 €	538710	10/03/21	11:55:00
28	Club Garufa, SL	De Concertos 2021 Club Garufa Coruña, SLL	20.000 €	20.000 €	540196	10/03/21	12:54:00
11	Casa das crechas, SL	Casa das Crechas Festival	20.000 €	20.000 €	544489	10/03/21	18:41:00
18	Riquela Music, SL	Maridaxes Sonoras	20.000 €	20.000 €	553351	11/03/21	13:06:00
31	Accipiter Gentilis, SL	Actuaciones musicales para los meses de septiembre y octubre	20.000 €	20.000 €	566384	12/03/21	12:24:00
21	Fernando Casal Neira	Programación 2021 na Sala Gatos de Melide	20.000 €	20.000 €	568184	12/03/21	13:24:00
32	Santamaría Somoza, SL	Xullo Musical, Cultura de Proximidade	20.000 €	20.000 €	569982	12/03/21	14:57:00
35	Sons Galiza Comunicación,SL	Festival Músicas Diversas	20.000 €	20.000 €	571993	12/03/21	20:14:00
36	Yoltown, SL	Sala Mardi Gras 15 Concertos Xacobeo 21	20.000 €	20.000 €	576432	15/03/21	10:01:00
38	Morango Villa Romana, SLU	Concertos Sala de Festas Morango Villa Romana 2021	20.000 €	20.000 €	581235	15/03/21	14:20:00
39	Besovi, S.L.	Actuaciones Musicales en Discoteca Chanteclair	20.000 €	20.000 €	584825	15/03/21	18:59:00

3. Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, consonte á Lei 4/2008 do 23 de maio, de Creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, poderanse interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- Recurso potestativo de reposición ante a Presidencia do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da notificación ou publicación



da resolución. (Arts. 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

- Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución. (Art. 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

4. Notifíquese a presente resolución aos interesados, de conformidade co establecido na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O presidente do Consello Reitor da Agadic

Román Rodríguez González

